■ 13 de decembro. Simulacro de activación do Plan de Emerxencias Exterior de Pontevedra na empresa Sygenta Agro no Porriño (Pontevedra). Asistencia de 3 membros do GIPCE.

d) Formación impartida

■ Impartición do curso *Apoio psicolóxico básico e manexo do estrés nos intervenientes en situacións críticas, de emerxencia ou catástrofe (I)* na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) da Xunta de Galicia. Destinado a membros do corpo de Policía Local e celebrado en dúas edicións os días 14 e 15 de maio (1ª edición) e 21 e 22 maio (2ª edición).

■ Impartición do curso *Técnicas de control de estrés en situación de emerxencia* a operadores e operadoras do 112. Celebrado en tres edicións os días 9, 11 e 12 de decembro.



Curso *Apoio psicológico básico e manexo do estrés nos intervinientes en situacións críticas, de emerxencia ou catástrofes I (1) e II (2)*



Grupo de Gardas do GIPCE

- Impartición do curso *Apoio psicológico básico e manexo do estrés nos intervinientes en situacións críticas, de emerxencia ou catástrofe (II)* na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) da Xunta de Galicia. Destinado a membros do corpo de Policía Local e celebrado en dúas edicións os días 10 e 12 de decembro (1ª edición) e 17 e 19 de decembro (2ª edición).

e) Documentación

- Difusión dun tríptico informativo sobre o GIPCE.
- Difusión da *Guía de autoaxuda para persoas afectadas por situacións críticas*.
- Elaboración dun número especial da Circular Informativa sobre a intervención do GIPCE no accidente do tren Alvia en Santiago de Compostela.
- Edición e difusión do tríptico *Recomendacións de autocoidado para intervinientes tras o accidente do tren Alvia*

f) Grupos de Traballo

- **Grupo de gardas**
Formado por 15 membros do GIPCE encargadas de realizar gardas telefónicas que permitiron dar cobertura as 24 horas do día dos 365 días do ano a todas as demandas do 112 de atención a emerxencias.
- **Grupo de apoio a intervinientes (GAI)**
Formado por 6 membros do GIPCE encargados de proporcionar o soporte psicológico necesario a aqueles membros do grupo que acaban de participar nunha intervención. De xullo a setembro realizouse seguimento da evolución dos/das intervinientes no accidente do tren Alvia en Santiago de Compostela a través de teléfono e correo electrónico.
- **Grupo de Traballo da *Guía de autocoidado para intervinientes en situacións críticas***
Formado por 5 membros do GIPCE co obxectivo de recompilar e organizar a información para elaborar unha guía destinada a profesionais intervinientes en emerxencias que se poidan ver afectados/afectadas pola súa situación. Celebraron reunións nas seguintes datas: 3, 17 e 26 de abril, 1 de maio e 17 de setembro.
- **Grupo de Traballo de intervención psicolóxica en centros educativos**
Formado por 6 membros do GIPCE co fin de elaborar un protocolo de intervención psicolóxica en emerxencias en centros educativos. Celebraron reunións nas seguintes datas: 25 de febreiro, 8 de marzo, 22 de maio e 11 de xullo.

7.2. GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

REUNIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Celebráronse nas seguintes datas:

- 31 de xaneiro
- 30 de maio
- 27 de xuño
- 26 de setembro
- 14 de decembro

REUNIÓN DO GRUPO DE TRÁFICO

Celebráronse nas seguintes datas:

- 16 de marzo
- 15 de maio
- 26 de outubro



Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Eva Muíño Gómez
Coordinadora

Eduardo Anoeta Rodríguez
Pilar Casal Devesa
Rosa M^a Domínguez Cameán
Carlos Gestal Gestal
María Mariño Barca
M^a Jesús Sánchez Peteiro
Juan Bonome Rodal

ACTIVIDADES

a) Formación do Grupo:

- *Avaliación das demencias no ámbito da conducción*

Data: 16 de marzo.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Docente: **Juan Bonome Rodal**. Psicólogo da Asociación de Familiares de Enfermos Alzheimer da Coruña (ANFACO) e membro da Comisión e do Grupo de Tráfico e da Seguridade.

- *Avaliación das demencias no ámbito da conducción II*

Data: 15 de maio.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Docente: **Juan Bonome Rodal**. Psicólogo da Asociación de Familiares de Enfermos Alzheimer da Coruña (ANFACO) e membro da Comisión e do Grupo de Tráfico e da Seguridade.

- *Os test psicolóxicos na práctica profesional e no tráfico*

Data: 26 de outubro.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Docente: **José Muñiz Fernández**. Catedrático de Psicometría da Universidad de Oviedo e presidente da Comisión de instrumentos de avaliación do Consejo General de COP.



Sesión formativa *Avaliación das demencias no ámbito da condución II*



Sesión formativa *Os test psicolóxicos na práctica profesional e no tráfico*



Xornada de Concienciación en Ferrol

b) Intervencións

■ *Xornadas de Concienciación*

Realizáronse neste ano 5 intervencións con outros tantos grupos de persoas penadas por delitos relacionados coa Seguridade Viaria:

- 1 Grupo en Ferrol no mes de xuño
- 1 Grupo en Ourense no mes de xullo
- 1 Grupo en Pontevedra no mes de setembro
- 1 Grupo en Santiago nos meses de outubro/novembro
- 1 Grupo en Vigo no mes de decembro

Actuaron como coordinadores/coordinadoras: Eduardo Anoeta Rodríguez con Juan Bonome Rodal en Ferrol; José Lamas López con Sandra Sesto Vilariño en Ourense; María Mariño Barca con Teresa Antelo Silva en Santiago; Diego Antelo Guerra con Eva Muíño Gómez, que substituíu a Cinta Librero Escala en Pontevedra; M^a Luz Mosquera Mejuto con María Cao Míguez en Vigo.

■ *SEVIME*

Este programa lévase desenvolvendo dende hai catro anos en colaboración coas Policía Local de Vigo e Pontevedra para dar resposta ás penas relacionadas coa Seguridade Viaria con Menores.

Este ano 2013 levouse a cabo unha única intervención cun grupo de menores, en colaboración coa Policía Local de Pontevedra o día 23 de febreiro no Pazo da Cultura de Pontevedra.

■ *PSICOVIAL*

Realizouse unha intervención, en formato programa longo e grupo pequeno, durante 9 meses. Neste caso o grupo estivo composto por 8 asistentes, penados con poli e multirreincidencia.

Este programa desenvolveuse na sede do COPG a razón dunha sesión semanal de 2 h. de duración cada unha. Intercaláronse sesións individuais con sesións grupais durante os primeiros 6 meses, posteriormente nos tres últimos realizáronse sesións individuais de seguimento.

O grupo foi coordinado por María Jesús Sánchez Peteiro e Eva Muíño Gómez, integrantes do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG.

c) Participación nas seguintes actividades

- **Diego Antelo Guerra**, membro do Grupo de Tráfico e da Seguridade, impartiu o relatorio *Mobilidade e autonomía infantil* sobre seguridade viaria infantil ao abeiro do Plan Municipal de Camiños Escolares do Concello de Pontevedra celebrado o día 14 de maio no Pazo de Congressos de Pontevedra.
- Celebración dunha reunión informativa o 28 de maio na sede do COPG, dirixida a psicólogos e psicólogas que asistiron ao 2º curso INCOVIA.
- Participación o 12 de xuño na xuntanza anual de seguimento do traballo de investigación coa Unidade de Investigacións en Prevención e Tratamento de Problemas de Conduta (UDIPRE) da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, dentro do convenio de colaboración específico entre o COPG e a Universidade de Santiago de Compostela.

8.

CONVENIOS DE COLABORACIÓN

8.1. PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Este programa sitúase dentro do marco do Convenio de Colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o COPG para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero. Vénse renovando anualmente desde o ano 2004.

COORDINADORA:

Rocío Trastoy García

ACTIVIDADES**a) Formación:**

- Xornada para novos e novas terapeutas do Programa
Data: 28 de xuño.
Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
Relatora e coordinadora: **Rocío Trastoy García**. Coordinadora do Programa.
- Xornada de *Comunicación aos pais do menor desde o punto de vista deontolóxico*
Data: 20 de decembro.
Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
Relator: **José Luís Rodríguez-Arias Palomo**. Presidente da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG.

b) Actividades desenvolvidas pola Coordinadora:

- **Rocío Trastoy García**, Coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, participou como relatora na mesa redonda *Intervención con mulleres que foron vítimas de violencia familiar e de xénero*

celebrada ao abeiro nas xornadas *Menores, violencia familiar e de xénero*, que tiveron lugar os días 9 e 10 de maio en Vigo e organizadas pola Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo.

- A Coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero do COPG, **Rocío Trastoy García**, participou xunto coa terapeuta habilitada do programa Concepción Rodríguez Pérez na gravación do documental *Contra a Luz* presentando o programa e as características da intervención.
- c) Participación da coordinadora do programa na **Comisión Intersectorial de Xénero do COPG**.

d) Intervencións:

- O equipo de psicólogos e psicólogas que traballan ao abeiro do programa consta de 70 profesionais en toda a Comunidade.
- Ao longo do ano incorporáronse ao programa un total de 125 novos casos, ademais de manterse as incorporadas en anos anteriores que continuaban activas.
- En total foron atendidas 221 mulleres e 96 menores e persoas dependentes delas.

8.2. PROGRAMA «ABRAMOS O CÍRCULO»

Programa incluído no Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o COPG para a atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar. Véñese renovando anualmente desde 2001.

COORDINADOR:

Joaquín Prieto Flores (ata o 1 de febreiro)

Rubén Villar Trencó (a partir do 1 de febreiro)

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Xornada para novos e novas terapeutas do Programa
Data: 14 de xuño.
Lugar: Salón de actos do COPG.
Relator e coordinador: **Rubén Villar Trencó**. Coordinador do Programa.

- Curso *Intervención psicolóxica con agresores sexuais*

Data: 13 e 14 de decembro.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.

Docente: Antonio Fuertes Martín. Catedrático da Universidad de Salamanca.

b) Actividades desenvoltas polo Coordinador

- O Coordinador de Abramos o Círculo, **Rubén Villar Trencó**, participou na gravación do documental *Contra a Luz* presentando o programa e as características da intervención.

c) Participación do coordinador do programa na **Comisión Intersectorial de Xénero do COPG.**

d) Intervencións:

- O equipo de psicólogas e psicólogos que traballan ao abeiro do programa consta de 39 profesionais en toda Galicia.
- En total foron atendidos 79 homes, dos cales 54 tratábanse de novos casos e 25 eran casos incorporados en anos anteriores.

8.3. INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS

Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en Materia de Protección Civil. Vense renovando anualmente desde 1997.

O obxecto deste convenio é achegar apoio á acción permanente dos órganos e autoridades competentes en protección civil para a prevención e atención ante as emerxencias.

O COPG vén sostendo un Grupo de Traballo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE), ver epígrafe 7.1 desta Memoria, organizado en forma de rede activable integrada por 43 psicólogas e psicólogos colexiados, con capacitación técnica e dotado da necesaria estrutura organizativa. O GIPCE ofrece un recurso necesario e preparado para a resposta de intervención psicolóxica en desastres de media e grande magnitude.

8.4. PROGRAMA DE MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL

En 2013 renováronse os Convenios de Colaboración entre as Consellerías de Traballo e Benestar e Presidencia, Administracións Pública e Xustiza da Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, o Colexio Oficial de Avogados de Santiago e o Colexio de Avogados de Ourense para dar continuidade aos Programas de Mediación Intraxudicial en Santiago de Compostela e Ourense.

A través dos convenios asinados pretende desenvolverse programas de mediación intraxudicial gratuíta en Santiago de Compostela e Ourense, mediante a constitución de equipos de mediación compostos por un psicólogo ou psicóloga e un avogado ou avogada que traballen en directa conexión cos fiscais dos xulgados e coa propia xudicatura.

Estes programas impulsan a mediación familiar como unha técnica de resolución de conflitos en procesos xudiciais de familia no que se trata de acadar un acordo entre as partes, considerando as necesidades de cada membro da familia e, especialmente, dos menores do núcleo familiar.

Equipo de mediación intraxudicial de Santiago de Compostela

Juan Manuel Daponte Codina

Titular

José Ramón García Gómez

Suplente

Ao equipo de Santiago de Compostela fóronlle derivados 77 casos. Do total dos casos derivados, aceptaron realizar mediación 49, dos cales 8 seguen en trámite para o ano 2014. Destes 49 casos que se resolveron en 2013, un 42,85 % acadaron un acordo. Os casos recibidos, pódese dicir que se distribúen en separacións/divorcios; modificación de medidas; garda, custodia e alimentos; execución de títulos xudiciais; medidas provisionais e réxime de visita de avós.

Equipo de mediación intraxudicial de Ourense

José Antonio Varela Alonso

Titular

Ana Esther Lamas Tizón

Suplente

Ao equipo de Ourense fóronlle derivados 53 casos. Do total dos casos derivados, aceptaron realizar mediación 16, dos cales 2 seguen en trámite para o ano 2014. Destes 16 casos que se resolveron en 2013, un 78,57 % acadaron un acordo. Os casos recibidos distribúense en separacións/divorcios; modificación de medidas; garda, custodia e alimentos; execución de títulos xudiciais; medidas provisionais e réxime de visita de avós.

8.5. «XORNADAS DE CONCIENCIACIÓN» DE SEGURIDADE VIARIA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a través do Grupo de Tráfico e da Seguridade e en colaboración directa cos Servizos Provinciais de Penas e Medidas Alternativas da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias do Ministerio del Interior e a Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, levou a cabo as *Xornadas de Concienciación* de seguridade viaria. Estas Xornadas van dirixidas a persoas penadas por delitos relacionados co tráfico e a seguridade viaria en substitución dos Traballos en Beneficio a Comunidade (ver epígrafe 7.2 desta Memoria).

O obxecto deste programa é o de posibilitar que os e as profesionais do Tráfico e da Seguridade poidan continuar traballando a concienciación coas persoas penadas por delitos relacionados co tráfico e a seguridade viaria.

O Grupo de Tráfico e da Seguridade conta cunha rede de 20 psicólogos e psicólogas con capacitación técnica e experiencia prolongada ao longo destes últimos cinco anos, intervindo cun total de 600 persoas penadas por delitos relacionados co ámbito do tráfico.

8.6. PROGRAMA PSICOVIAL

No marco de colaboración coa Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, e para responder ás demandas da Unidades Provinciais de Medidas Alternativas de Institucións Penitenciarias, en 2013 o COPG a través do Grupo de Tráfico e da Seguridade organizou e puxo en marcha, por primeira vez, unha antiga demanda de intervención con persoas penadas por delitos relacionados co tráfico cunha orientación de intervención exclusivamente psicolóxica e dentro dun formato de programa prolongado con 9 meses de duración (ver epígrafe 7.2 desta Memoria).

Desenvolveuse un grupo, en formato grupo pequeno de oito aistentes penados por diversos delitos relacionados directa e indirectamente coa seguridade viaria.

O obxecto deste programa é dispor da posibilidade de poñer en práctica a experiencia acadada no formato taller de Xornadas de Concienciación para transformala en programa longo de intervención psicolóxica. Trátase dun nivel superior ao formato de Xornadas de Concienciación en tanto que hai maior graduación nas penas así como reincidencia, dándose casos de ata 300 xornadas de pena tanto con multi como polirreincidencia.

O COPG é de novo pioneiro no Estado Español con este tipo de programas fóra do contexto da organización de Institucións Penitenciarias como xa ocorrera no seu momento co formato Xornadas de Concienciación.

8.7. PROTOCOLO DE COLABORACIÓN COA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia asinou no mes de decembro de 2013 un protocolo de colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia para a prestación de asistencia pericial á administración de xustiza nos procedementos penais a petición dun xulgado ou cando a proba fose acordada a solicitude dunha persoa beneficiaria de asistencia xurídica gratuíta.

8.8. ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN CO INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA) DA XUNTA DE GALICIA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), dependente da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, subscribiron en abril de 2013 un acordo marco de colaboración para a promoción de actuacións de seguridade e saúde no traballo.

Este acordo establece canles de colaboración para o desenvolvemento de actividades de información e formación en prevención de riscos laborais, así como na programación e coordinación das actividades desenvolvidas polo COPG, co obxectivo de mellorar as condicións de seguridade e saúde no traballo, reducir os riscos laborais, e avanzar na investigación e fomento de novas formas de protección e promoción de estruturas eficaces de prevención.

8.9. CONVENIO COA FUNDACIÓN EDUCACIÓN, DEPORTE Y SALUD (FEDYS)

Convenio de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS), que tal e como recolle o seu nome, ten tres eixes básicos de actuación: a educación, o deporte e a saúde.

Este convenio permite, entre outros aspectos, o desenvolvemento e a mellora da saúde na poboación xeral a través da práctica da actividade física e depor-

tiva co obxectivo de diminuír algunhas das enfermidades máis frecuentes nas sociedades actuais como a hipertensión, a diabetes..., e un problema cada día máis en aumento como é a obesidade. Tamén permite a posibilidade de levar a cabo traballos de investigación relacionados coa área ou a organización de cursos, seminarios ou xornadas.

Finalmente, unha das colaboracións máis relevantes pola súa novidade é o asesoramento vocacional e psicolóxico aos deportistas que se achegan á Oficina de Atención ao Deportista, tanto as persoas que están en activo como as xa retiradas.

8.10. CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Convenio marco de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicología de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela.

Ao abeiro deste convenio, a Universidade e o COPG executan de xeito conxunto proxectos e programas de investigación, desenvolvemento e transferencia de coñecemento, ademais de cooperar en programas e actividades de formación continuada de profesionais e de persoal investigador.

Encadrado neste convenio, o COPG ten asinado un convenio específico de colaboración entre o Grupo de Tráfico e Seguridade e a Facultade de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela co fin de desenvolver un modelo de intervención psicolóxica dirixido a previr a reincidencia das persoas infractoras de tráfico.

O Colexio Oficial de Psicología de Galicia tamén asinou convenio específico coa Universidade de Santiago de Compostela para a organización e desenvolvemento en 2013 dun Curso sobre o Código Deontolóxico que recibiu o alumnado do Practicum do Grao en Psicología, con carácter previo á súa incorporación aos centros nos que vaian a desenvolver as prácticas. O devandito curso foi impartido pola Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG.

8.11. CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE VIGO

O Colexio Oficial de Psicología de Galicia mantén desde 2012 un convenio marco de colaboración coa Universidade de Vigo cuxo propósito é realizar conxuntamente actividades e proxectos en todo tipo de materias que resulten de interese para ambas institucións.

Ao abeiro do convenio marco, o Colexio Oficial de Psicología de Galicia asinou coa Universidade de Vigo no mes de xullo un convenio de colaboración específico para o desenvolvemento científico no marco do programa de doutoramento en Ciencias da Educación e o Comportamento.

8.12. CONVENIO COA FUNDACIÓN MENIÑOS

Convenio marco de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicología de Galicia e Meniños Fundación para a Infancia.

Este convenio ten por obxecto definir un marco xeral de colaboración estable entre ambas as dúas institucións para o desenvolvemento de accións de formación, investigación, comunicación, publicacións, asesoramento ou calquera outra de interese común.

8.13. CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL (FEGADACE)

Convenio marco de colaboración desde 2012 entre o Colexio Oficial de Psicología de Galicia e a Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE).

Este convenio de colaboración entre as dúas entidades asinouuse co fin de promover accións conxuntas, coordinadas e beneficiosas para ambas institucións, que teñan por obxecto a sensibilización, a formación, a intervención social, a investigación e a organización de accións e eventos.

Ao abeiro do convenio de colaboración subscrito entre o COPG e FEGADACE, o Colexio participou en 2013 nun proxecto da citada Federación consistente na divulgación a través do seu blog da problemática e repercusión do dano cerebral adquirido desde unha perspectiva multidisciplinar.

Para tal fin o COPG, aportando o punto de vista da Psicología, presentou o artigo *Neuropsicología do Dano Cerebral Adquirido: Breve resumo da situación actual*, elaborado por Vanessa Vilas Riotorto, psicóloga colexiada G-3889.

Outra colaboración que se desenvolveu ao abeiro do convenio foi a participación en representación do COPG de Mercedes Fernández Cabana, Vogal da Sección de Psicología Clínica do COPG no mes de setembro nun vídeo que protagoniza a campaña que está a desenvolver a Federación Galega de Dano Cerebral FEGADACE «Eu podería ter dano cerebral».

9. SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN PSICOLOXÍA FORENSE

O principal fin do Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense é o nomeamento de psicólogos e psicólogas peritos perante a Administración de Xustiza.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia conta cun listado de psicólogos e psicólogas, para responder ás demandas que se fagan á Institución de nomeamento de peritos para actuar ante os órganos xurisdiccionais e das Administracións Públicas. Este listado, de ámbito territorial provincial, organízase en tres áreas concretas de intervención:

- Dereito Penal
- Dereito Civil
- Dereito Laboral, Social e outros ámbitos

En cumprimento do establecido na Lei, fíxose un envío a todos os xulgados de Galicia dos listados de psicólogos e psicólogas peritos dispostos a actuar nas diferentes áreas de intervención para a súa designación directa por parte dos xulgados.

Tamén se colaborou na edición da Guía de Peritos Xudiciais 2013, elaborada pola Unión Profesional de Galicia.

10.

BECA SIOTA DE INVESTIGACIÓN
EN PSICOLOXÍA

VIII EDICIÓN DA BECA SIOTA

Composición do Comité Seleccionador:**M^a Rosa Álvarez Prada**

Decana do COPG

Concepción Fernández Fernández

Secretaria do COPG

Carlos Álvarez García**Rosa Cerqueiro Landín****Ana Jartín Abreira****José Manuel Oreiro Blanco****Gloria Seoane Pesqueira**

Vogais

O Comité Seleccionador da VIII Edición da Beca Siota de Investigación en Psicoloxía, reunido o 5 de marzo de 2013, acordou a concesión da Beca ao proxecto *Programa de adestramento en cognición e competencia social en doentes con dano cerebral traumático*, presentado por Yolanda Maroño Souto, colexiada G-04004.

11. EVENTOS COLEXIAIS

CONVERSATORIO «UNHA OLLADA PROFESIONAL SOBRE OS DESAFIUZAMENTOS»

O 24 de xaneiro celebrouse no Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche en Santiago de Compostela o Conversatorio *Unha ollada profesional sobre os desafiuzamentos*.

No acto, que estivo moderado pola Decana do COPG M^a Rosa Álvarez Prada, interviñeron o psicólogo clínico Miguel Anxo García Álvarez, a avogada Celia Balboa Guerra, o catedrático de economía aplicada Xavier Vence Deza e a representante de Stop Desafiuzamentos Compostela María Díaz de Pablo.



Conversatorio *Unha ollada profesional sobre os desafiuzamentos*

ACHEGAS DA PSICOLOXÍA 2013

O 3 de maio tivo lugar no Hotel AC Vila de Allariz (Allariz - Ourense), un encontro dos colexiados e colexiadas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, acto no que se fixo entrega do Premio *Dolores Llópez: Psicoloxía e Sociedade 2013*, galardón creado para distinguir á persoa, institución ou asociación que teña colaborado co COPG contribuíndo ao desenvolvemento da nosa profesión.

A Xunta de Goberno do COPG, na súa sesión do 25 de xaneiro de 2013, acordou outorgar este ano o premio ao economista e humanista, José Luis Sampedro Sáez pola súa sensibilidade, compromiso social e defensa da dignidade humana.

Lamentablemente, José Luis Sampedro faleceu antes de poder recoller o premio, pero no acto deuse lectura ás palabras de agradecemento que fixo chegar a súa viúva Olga Lucas e a xornalista Eliana Martíns glosou a figura do escritor.

Neste acto tamén se homenaxearon aos compañeiros e compañeiras da profesión que cumpriron 25 anos de colexiación e deuse a benvinda a aqueles e aquelas que se incorporaron por primeira vez ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no ano 2012 facéndolles entrega dunha distinción colexial.



Achegas da Psicoloxía 2013

12.

REPRESENTACIÓN COLEXIAL NOS CONSELLOS

Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

Titular: M^a Rosa Álvarez Prada,
como membro representativo de Unión Profesional de Galicia

Consello Galego de Saúde

Titular: Xavier Sardiña Agra
Suplente: Delia Guitián Rodríguez

Consello Galego de Benestar Social

Titular: Isabel M^a Varela Castiñeiras
Suplente: M^a Leonor Galiana Caballero

Consello Provincial de Servizos Sociais da Coruña

Titular: Encarnación Álvarez Gallego
Suplente: M^a Ángeles Castro Díaz

Consello Provincial de Servizos Sociais de Lugo

Titular: Isolina Rodríguez López
Suplente: Julio González Morandeira

Consello Provincial de Servizos Sociais de Ourense

Titular: José Antonio López Fontelo
Suplente: Isabel Blanco Yáñez

Consello Provincial de Servizos Sociais de Pontevedra

Titular: Felisa Balboa Cardoso
Suplente: M^a Jesús Cejudo López

**Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade
do Concello de Santiago de Compostela**

Titular: M^a José Fares Varela

Consello Municipal de Servizos Sociais do Concello de Vigo

Titular: Ana M^a Fieira Nogareda

Consello Municipal de Saúde do Concello de Vigo

Titular: Irene Esperón Rodríguez

Consello Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela

Titular: Concepción Rodríguez Pérez

Consello de Deporte de Galicia

Titular: María Dolores González Fernández

13. EN REPRESENTACIÓN DO COPG

- O psicólogo do equipo de mediación intraxudicial en Santiago de Compostela do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Juan Manuel Daponte Codina, participou o 11 e o 17 de xaneiro como docente cadansúa edición do *I Curso de especialización en mediación civil e mercantil*, celebrado na Coruña e organizado polo Colexio de Avogados da Coruña.
- M^a Jesús López Cernadas e Isabel M^a Varela Castiñeiras, Presidenta e Vogal da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, asistiron á reunión do Espazo Dialoga, integrado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, celebrada o 25 de xaneiro e que tivo lugar na sede do COPG.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e o Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica, Xavier Sardiña Agra, mantiveron o 29 de xaneiro na sede do COPG unha reunión con representantes da Sociedade Galega de Neuropsicoloxía. Dita reunión tivo como eixo central a presentación no COPG da Sociedade e a posibilidade de colaboracións entre ambas entidades.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, mantivo o 5 de febreiro na sede do COPG unha reunión con representantes da Asociación Nacional para a Defensa, Recuperación e Estudio Terapéutico da Especie Asnal (A.N.D.R.E.A.). Dita reunión tivo como eixo central a presentación no COPG das actividades que en terapia asistida con animais está a levar a cabo dita Asociación así como a posibilidade de colaboracións entre ambas entidades.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, Olegaria Mosqueda Bueno, mantiveron o 5 de marzo e o 4 de abril na sede do COPG reunións con representantes da Asociación Galega de Dislexia (AGADIX), que tiveron como eixo central a presentación no COPG das actividades que está a levar a cabo dita Asociación con nenos e nenas con dislexia, así como a posibilidade de colaboracións entre ambas entidades.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, mantivo o 12 de marzo na sede do COPG unha reunión con representantes da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR). Dita reunión tivo como eixo central a presentación no COPG das actividades que está a levar a cabo dita Asociación, así como a posibilidade de colaboracións entre ambas entidades.

- A Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, acudiu o 21 de marzo á xuntanza constitutiva da comisión cívica para traballar sobre propostas relacionadas coa problemática dos desafuzamentos na cidade de Ourense, convocada polo Concello de Ourense. Ás seguintes reunións, que tiveron lugar o 4 e o 18 de abril, asistiron en representación do Colexio Xosé Ramón García Gómez, membro da comisión coordinadora do GIPCE, e M^a Rosa Álvarez Prada, Decana do COPG respectivamente.
- M^a Jesús López Cernadas, Isabel M^a Varela Castiñeiras e Montserrat Pérez Suárez, Presidenta, Vogal e Socia respectivamente da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, asistiron á reunión do Espazo Dialoga, integrado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, celebrada o 12 de abril en Santiago de Compostela.
- O Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG, Xavier Sardiña Agra, asistiu o 15 de abril á reunión do Consello Galego de Saúde da Xunta de Galicia.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa, Olegaria Mosqueda Bueno, asistiron á *I Xornada de presentación do modelo de intervención en entornos naturais* en Atención Temperá, organizada polo Gabinete de Psicoloxía Arca e celebrada o 20 de abril en Vigo.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, mantivo o 22 de abril na sede do COPG unha reunión con Marina Rodríguez Pérez e Lourdes Pérez Vázquez, Presidenta e Vicepresidenta da Sociedade Galega de Neuropsicoloxía. Dita reunión tivo como eixo central a presentación no COPG da Sociedade e a posibilidade de colaboracións entre ambas entidades.
- A Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, asistiu o 23 de maio en Santiago de Compostela a unha xuntanza organizada pola plataforma SOS Sanidade Pública na que se tratou da situación precaria que están a sufrir os Centros de Planificación Familiar de Galicia. Asemade tamén asistiu o 6 de xuño á rolda de prensa na que se presentou o manifesto elaborado contra o desmantelamento dos devanditos Centros.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, mantivo o pasado 2 de xullo unha reunión con representantes da Asociación Galega Contra o Maltrato a Menores (AGAMME) para tratar a atención que reciben por parte das institucións os/as menores vítimas de malos tratos.
- A Vogal da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, Isabel M^a Varela Castiñeiras, acudiu o 1 de agosto á sesión constitutiva e á sesión extraordinaria do Consello Galego de Benestar Social da Secretaría Xeral de Política Social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.
- Alicia Rodríguez Nespereira, colexiada de Ourense G-0003, asistiu o 24 de setembro á reunión constitutiva da Comisión Técnica de Desafuzamentos do Concello de Ourense. Esta comisión técnica creouse por acordo da Comisión Cívica sobre Desafuzamentos, da que o COPG

forma parte desde a súa constitución no mes de marzo de 2013, e entre as súas principais funcións están o Seguimento individualizado de afectados por desafiuzamentos por impago de hipoteca e recollida das necesidades non cubertas por carencia de recursos, e comunicación as Administracións competentes na materia.

- A Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu á Xornada do Ateneo Xerontolóxico de Galicia, que tivo lugar o 1 de outubro na Coruña organizada polo periódico Entre Mayores.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, mantivo o 8 de outubro na sede do COPG unha reunión con representantes da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG). Dita reunión tivo como eixo central a presentación no COPG das actividades que está a levar a cabo devandita Federación, así como a posibilidade de colaboracións entre ambas entidades.
- A Tesoureira da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Leonor Galiana Caballero, acudiu o 18 de outubro á sesión extraordinaria do Consello Galego de Benestar Social da Secretaría Xeral de Política Social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.
- A Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu á reunión do Espazo Dialoga, integrado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, celebrada o 18 de outubro en Santiago de Compostela.
- A Secretaria da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a José Fares Varela, acudiu o 30 de outubro á xuntanza de constitución do Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade do Concello de Santiago de Compostela.
- O Coordinador do Programa Abramos o Círculo do COPG, de atención psicolóxica a homes que exercen violencia de xénero, Rubén Villar Trencó, impartiu o obradoiro *Prevención de condutas delictivas*. Esta actividade formativa, que tivo lugar no Centro Penitenciario de Teixeiro (A Coruña) os días 14 e 15 de novembro, estivo organizada pola Federación de Asociacións a favor das Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia (FADEMGA FEAPS GALICIA), ao abeiro dun programa de integración social e actividades rehabilitadoras para persoas reclusas e exreclusas con discapacidade intelectual.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á presentación da Campaña do Consello de Europa *Un de cada cinco* contra a violencia sexual sobre nenos e nenas. Este acto foi organizado pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e tivo lugar o 25 de novembro
- A Tesoureira da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Leonor Galiana Caballero, acudiu o 20 de decembro á sesión extraordinaria do Consello Galego de Benestar Social da Secretaría Xeral de Política Social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

14.

RELACIÓNS E COLABORACIÓNS
INSTITUCIONAIS

Reunión co Vicepresidente da Xunta de Galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, mantivo unha reunión co Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, na que se tratou sobre os convenios que se manteñen vixentes entre ambas institucións (violencia de xénero, emerxencias e catástrofes e mediación intraxudicial) así como o Anteproxecto de Lei estatal de Servizos e Colexios Profesionais.

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA - SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, mantivo unha reunión o 3 de abril coa Secretaria Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, Susana López Abella, no que trataron sobre o Convenio de colaboración para 2013 entre ambas institucións en materia de violencia de xénero.

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA - DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR

- A Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, asistiron o 18 de febreiro a unha reunión con representantes da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia para abordar as liñas do convenio de colaboración para 2013 entre ambas institucións en materia de protección civil.
- A Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, asistiron o 25 de setembro a unha reunión co Director Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia, Santiago Villanueva Álvarez, para abordar unha valoración da intervención no accidente ferroviario de Santiago de Compostela.

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA - DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

- Os días 4 e 5 de marzo a Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, acompañada da Presidenta da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG, M^a Dolores Seijo Martínez, e da Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade e Vogal da Xunta de Goberno, Eva Muíño Gómez, mantiveron senllas reunións co Director Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, Juan José Martín Álvarez, e co Subdirector Xeral de Medios da Administración de Xustiza, Rafael Juanatey Mayán. Nestas xuntanzas trataron temas como o listado de periciais, o funcionamento dos equipos de mediación intraxudicial, as oficinas de atención a vítimas e a posible colaboración entre ambos organismos en materia de seguridade viaria.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, acompañada da Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade e Vogal da Xunta de Goberno, Eva Muíño Gómez, mantiveron o 7 de outubro unha reunión co Director Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, Juan José Martín Álvarez, e co Subdirector Xeral de Medios da Administración de Xustiza, Rafael Juanatey Mayán. Nesta xuntanza trataron sobre a colaboración entre ambos organismos en materia de seguridade viaria.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu ao acto de presentación do *Plan marco de atención sociosanitaria de Galicia*, organizado conxuntamente polas Consellerías de Sanidade e de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e celebrado 3 de maio en Santiago de Compostela.

CONSELLERÍA DE SANIDADE – FUNDACIÓN PÚBLICA HOSPITAL DO SALNÉS

- A Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do GIPCE do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, asistiu o 18 de abril a unha reunión co Equipo de Soporte de Coidados Paliativos da Fundación Pública Hospital do Salnés para abordar o tema de comunicación de malas novas.

CONSELLERÍA DE SANIDADE – XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA

- A Vogal da Comisión Coordinadora do GIPCE, Isabel Vázquez Prado, asistiu o 17 de abril a unha reunión convocada pola Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para abordar o Plan de Emerxencias Exterior (PEE) do Complexo Industrial A Grela-Bens da Coruña.

CONSELLERÍA DE SANIDADE – XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE

- O Vogal da Comisión Coordinadora do GIPCE, Xosé Ramón García Gómez, asistiu o 24 de maio e o 18 de xuño a senllas reunións convocadas pola Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para o Plan de Emerxencias Exterior (PEE) de Ourense.

CONSELLERÍA DE SANIDADE – XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

- A Vogal da Comisión Coordinadora do GIPCE, M^a Luz Losada Somoza, asistiu o 19 de xuño, o 5 de xullo e o 10 de outubro ás reunións convocada pola Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia con motivo do Plan de Emerxencias Exterior (PEE) de Pontevedra.

CONSELLERÍA DE SANIDADE – FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA 061

- A Vogal da Xunta de Goberno do COPG e Coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz, acudiu o 11 de febreiro acompañada de Aurora Rozadilla Arias, membro da Comisión coordinadora do GIPCE, a unha xuntanza co 061 a cal, co obxectivo de revisar o protocolo de colaboración vixente desde 2012.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR – INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA)

- O Vogal da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG e Coordinador do seu Grupo de Traballo sobre Saúde e Benestar Ocupacional, Carlos Montes Piñeiro, asistiu a unha xuntanza coa Directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), Adela Quinzá-Torroja García e coa Xefa da Sección de Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada, M^a Jesús Copa Arias, que tivo lugar en Santiago de Compostela o 22 de outubro. Alí abordouse como tema central o deseño de actividades de información e formación conxuntas en Psicosocioloxía Aplicada e Saúde Ocupacional para o vindeiro ano 2014.

DIRECCIÓN XERAL DE TRÁFICO – XEFATURA DA CORUÑA

- A Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade e Vogal da Xunta de Goberno, Eva Muíño Gómez, e a Vogal do Grupo de Tráfico e Seguridade, M^a Jesús Sánchez Peteiro, mantiveron o 11 de novembro unha reunión coa Xefa Provincial de Tráfico da Coruña e Coordinadora de Tráfico para Galicia, M^a Victoria Gómez Dobarro. Nesta xuntanza trataron sobre a colaboración entre ambos organismos en materia de seguridade viaria.

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Olegaria Mosqueda Bueno e Avelina Senra Comesaña, membros do GIPCE que interviron no accidente do tren Alvia, asistiron o 23 de novembro ao acto de imposición da Medalla de Ouro da Cidade aos veciños e veciñas de Angrois, outorgada polo Concello de Santiago de Compostela.
- A Secretaria do COPG, Concha Fernández Fernández, participou no 1º Congreso Nacional de Violencia de Xénero: Prevención e Intervención, organizado polo Concello de Santiago de Compostela. O seu cometido foi presentar e moderar a mesa redonda *Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA): Valoración das vítimas da violencia de xénero*, que tivo lugar o 29 de novembro.

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA – CONCELLARÍA DE MOBILIDADE, SEGURIDADE CIDADÁ E TRÁFICO

- A Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, mantivo unha reunión co Concelleiro Delegado de Área de Seguridade e Mobilidade do Concello de Santiago de Compostela, Luís García Bello, o 19 de agosto para tratar sobre as Xornadas de Concienciación do COPG que se celebran en Santiago nos meses de setembro e outubro.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA – CONSELLO SOCIAL

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu como representante de Unión Profesional de Galicia á xuntanza do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela que tivo lugar o 19 de decembro.



Conmemoración da Festividade do Patrón de Psicoloxía

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA – FACULTADE DE PSICOLOXÍA

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, participou nos actos de conmemoración da Festividade do patrón da Psicoloxía celebrados o 22 de febreiro na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.



Charla de orientación na Facultade de Psicoloxía da USC

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, acompañada do Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica, Xavier Sardiña Agra, da Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa, Olegaria Mosqueda Bueno, da Presidenta da Sección de Psicoloxía Xurídica, Dolores Seijo Martínez, da Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, M^a Jesús López Cernadas e do Vogal da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, Carlos Montes Piñeiro, impartiron unha charla de orientación, dirixida ao alumnado que remata os estudos de Psicoloxía, co obxectivo de ofrecerlles unha visión xeral dos perfís profesionais da Psicoloxía nos distintos ámbitos de traballo. O acto tivo lugar o 10 de abril no salón de actos da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
- A Coordinadora da Comisión de Psicoloxía de Deporte do COPG, M^a Dolores González Fernández, participou no acto de presentación do Máster en Psicoloxía do Deporte e da Actividade Física da Universidade de Santiago de Compostela, que tivo lugar en Compostela o 18 de outubro de 2013.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e o Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica, Xavier Sardiña Agra, mantiveron o 26 de novembro na sede colexial unha reunión coa Decana da Facultade de Psicoloxía da USC, Carolina Tinajero Vacas, que asistiu acompañada da profesora e coordinadora do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria da USC, Carmen Senra Rivera. Nesta xuntanza trataron sobre diversas cuestións relacionadas co desenvolvemento do devandito Máster.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA – FACULTADE DE DEREITO

- A Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, participou no acto inaugural da IV Edición do Máster en Mediación, celebrado o 8 de novembro en Santiago de Compostela e organizado pola Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela.

UNIÓN PROFESIONAL DE GALICIA

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, foi elixida unanimemente para representar a Unión Profesional de Galicia no Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á xuntanza da Comisión Permanente da Unión Profesional de Galicia que tivo lugar en Santiago de Compostela o 9 de xaneiro.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu ao acto de presentación da Guía de Peritos Xudiciais 2013, editada pola Unión Profesional de Galicia na que o COPG está integrado, que se celebrou en Santiago de Compostela o 21 de febreiro.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á xuntanza do Pleno e da Asemblea Xeral da Unión Profesional de Galicia que tivo lugar en Santiago de Compostela o 16 de maio.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, participou co relatorio *Estructuras colexiais viables* na Xornada sobre a Lei de Servizos Profesionais celebrada o pasado 19 de xullo en Santiago de Compostela, organizada pola Unión Profesional de Galicia.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á xuntanza do Pleno e da Asemblea Xeral Ordinaria da Unión Profesional de Galicia que tivo lugar en Santiago de Compostela o 24 de setembro.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á xuntanza do Pleno da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral de Unión Profesional de Galicia que tivo lugar en Santiago de Compostela o 20 de decembro.



Entrega ao GIPCE da Placa de Honra da Orde do Mérito Civil

RECOÑECEMENTOS RECIBIDOS

O Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG recibe a placa de honra da Orde do Mérito Civil

El Rey D. Juan Carlos I concedeulle ao Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG a Placa de Honra da Orde do Mérito Civil en gratitude e recoñecemento pola axuda e servizo prestados no accidente ferroviario de Santiago de Compostela ás vítimas e aos seus familiares.

Esta distinción serve para premiar os servizos relevantes e extraordinarios postos de manifesto por colectivos ou entidades en ben do interese xeral e foi proposta polos Ministerios de Fomento e de Asuntos Exteriores e Cooperación.

A entrega da Placa tivo lugar nun acto celebrado en Santiago de Compostela o 26 de outubro, e a el asistiron en representación do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz, Ana M^a Núñez Rubines e Aurora Rozadilla Arias.



Entrega do Galardón da Psicología Murciana 2013

O COPG recibe o Galardón de la Psicología Murciana 2013

